

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS NO ANO 2023

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 85 dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 14/2014.

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 110/2022, do 9 xuño, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

SEGUNDO. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO. As universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo son institucións públicas, dotadas de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asumen as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

Realizan actividades de docencia, de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

CUARTO. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sustentabilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer máis visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

QUINTO. O Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2022, inclúe no Fondo de Financiamento non condicionado un subfondo de Gasto Corrente e Mantemento de Infraestruturas co obxecto de financiar o custo básico de funcionamento das universidades, de mantemento das instalacións e das infraestruturas, de modo que cada institución reciba un financiamento estable que lle permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

Este marco de financiamento plurianual aínda que dota dunha estabilidade inédita na maior parte das universidades públicas españolas, debe ser complementada con accións específicas que permitan axeitar as infraestruturas das universidades públicas galegas ás novas esixencias da docencia e investigación para acadar os niveis de excelencia esperados pola sociedade da nosa comunidade.

SEXTO. Todas as partes consideran de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia o establecemento dun plan de infraestruturas que contemple diversas actuacións necesarias para a mellora da actividade docente e investigadora desenvolvida polas institucións universitarias.

O desenvolvemento deste plan, que abrangue dende o ano 2023 ata o 2026, parte do protocolo asinado con este fin entre a Xunta de Galicia e as tres universidades públicas o 13 de xullo de 2023. Co obxecto de levar a cabo a dita declaración de intencións é necesario formalizar anualmente os compromisos adquiridos polas partes mediante a sinatura dos instrumentos xurídicos que concreten as actuacións a levar a cabo en cada un dos anos de vixencia do dito plan, en función das dispoñibilidades orzamentarias e as necesidades concretas de cada institución.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio para o ano 2023, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para o financiamento de actuacións destinadas ao desenvolvemento do Plan de Infraestruturas Universitarias no ano 2023.

SEGUNDA. Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coas tres universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, para levar a cabo actuacións relacionadas coas seguintes infraestruturas singulares:

A) UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Campus da Coruña: Cidade das TIC

1. Centro de Investigación nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC 2).

Trátase dunha infraestrutura singular, única e pioneira no Sistema universitario de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación nas áreas da *big data* e ciencia de datos, computación de altas prestacións, internet das cousas e ciberseguridade con aplicación no eido da biomedicina, e sustentabilidade, a industria 4.0 e o procesado da linguaxe natural. Este edificio contará con laboratorios singulares no eido da ciencia de datos e IA, a robótica e a realidade virtual e aumentada (RV e RA).

2. Ampliación do Centro de Investigación nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC).

Trátase dunha ampliación que inclúe novos espazos para a instalación de laboratorios de I+D no eido das TIC.

Campus de Ferrol:

3. Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente (CI3).

Trátase dunha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contará co equipamento singular necesario e permitirá a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da Industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño.

B) UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Campus de Santiago: Cidade da Saúde

1. Construción do novo centro de Ciencias da Saúde.

O obxectivo da actuación é construír un conxunto de edificios que acollan a Facultade de Enfermaría, a Facultade de Farmacia (actualmente en situación precaria), un centro de investigación na área de Ciencias da Saúde e un aparcadoiro. Sen prexuízo de ser sede dos dous centros, a estrutura é modular e flexible, con espazos dedicados a aulario, biblioteca, área de goberno de ambos centros, espazos para a administración e servizos auxiliares, laboratorios de prácticas e áreas de investigación, non segmentadas por centro senón por uso. Tratarase tamén dun edificio enerxeticamente eficiente, cunha baixa demanda e con produción propia de enerxía mediante fontes renovables.

2. Reforma da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Trátase de consolidar o uso dos edificios actuais desta facultade (San Francisco, Odontoloxía e aulario Novoa Santos) mediante a reforma interior dos mesmos e actuacións para acoller os proxectos de investigación.

3. Reforma integral da Facultade de Química.

Esta actuación levarase a cabo en distintas fases co obxecto de garantir a continuidade da actividade docente e investigadora. Inclúese neste plan a realización da primeira das mesmas consistente na renovación dos faldrons da cuberta, a adecuación do baixo cuberta para acoller as instalacións de climatización, renovación de aire e extracción de gases de todas as estancias e a reforma do semisoto para acoller todos os laboratorios de prácticas que faltan por trasladar a este andar.

Campus de Lugo:

4. Reorganización, reforma e ampliación do Complexo Docente do campus de Lugo.

Preténdese a reordenación do edificio actual para acoller a totalidade da actividade da Facultade de Formación do Profesorado e a actual da Facultade de Humanidades, ademais das escolas de Enfermería e Relacións Laborais. Completarase cun pavillón necesario para a docencia de educación física así como outras dependencias específicas que non teñen cabida nas actuais instalacións dispoñibles. Tamén intervírase na envolvente do edificio e nas instalacións para renovalas e facelas enerxeticamente máis eficientes.

C) UNIVERSIDADE DE VIGO

Campus de Vigo

1. Rehabilitación do edificio Siemens na ETEA

Trátase de converter este edificio na nova sede do Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo. O obxectivo fundamental do centro é contribuír á conservación e uso sostible dos océanos, mares e recursos mariños a través da xeración e transferencia de coñecemento baseado na ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Campus de Pontevedra

2. Estudo de necesidades

A UVIGO ten o proxecto de creación dunha Facultade de Enfermería no Campus de Pontevedra que pretende subsanar algúns dos problemas que supón o actual modelo de impartición desta titulación en catro centros adscritos (tres públicos e o privado de POVISA). O novo centro garantirá o cumprimento das esixencias correspondentes á calidade dos títulos, tanto de grao como de posgrao.

Campus de Ourense

3. Construción do Edificio Aeroespacial

A Universidade de Vigo pretende construír un edificio para satisfacer a demanda de espazos das titulacións da *Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (grao e máster)* no campus de Ourense. O edificio contará con espazos docentes, espazos de investigación e zonas para administración e servizos.

TERCEIRA. Orzamento

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades achegará a cantidade de dez millóns de euros (10.000.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.2 denominada "*Plan Inxerimentos do SUG*"

(código de proxecto 2023 00079), na que está previsto crédito necesario e suficiente, para o exercicio 2023.

Trátase dun importe certo, e queda por conta das partes beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado ao financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

O importe da subvención é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

De acordo co establecido no artigo 53 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

CUARTA. Distribución dos fondos

Os fondos mobilizados con cargo a este convenio resultan das achegas e compromisos seguintes entre as partes asinantes:

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	10.000.000,00	60%
Universidades (UDC, USC, UVIGO)	4.000.000,00	40%
Total	14.000.000,00	100%

A achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por importe de 10.000.000,00 euros, realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2023, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Para determinar a contía correspondente a cada universidade aplícase a mesma porcentaxe utilizada para a determinación do Subfondo Custe estándar do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, para o ano 2023 segundo se indica no cadro seguinte:

UNIVERSIDADE	PORCENTAXE PARTICIPACIÓN NO CUSTE ESTÁNDAR 2023
UDC	28,10
USC	40,85
UVIGO	31,05

Como resultado da aplicación deste criterio, establécese a seguinte distribución entre as universidades asinantes:

	%custe estándar 2023	achega Xunta
UDC	28,10	2.810.000
USC	40,85	4.085.000
UVIGO	31,05	3.105.000
TOTAL	100,00	10.000.000

Pola súa banda, as universidades comprométense a achegar, o cofinanciamento do 40% do total aportado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de xeito que as contías vinculadas a este convenio serían as seguintes:

	%custe estándar 2023	achega Xunta	40% cofinanciamento universidades	TOTAIS
UDC	28,10	2.810.000	1.124.000	3.934.000
USC	40,85	4.085.000	1.634.000	5.719.000
UVIGO	31,05	3.105.000	1.242.000	4.347.000
TOTAL	100,00	10.000.000	4.000.000	14.000.000

QUINTA. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia*, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2023.

SEXTA. Obrigas das partes

1. As universidades asinantes deberán:

a) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Destinar os fondos percibidos para financiar as actuacións contempladas na cláusula segunda do presente convenio.

c) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (*expost*), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % da subvención concedida.

d) De acordo co disposto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e o *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia*, as universidades asinantes comprométense a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e do sometemento ás actuacións de supervisión e control prevista no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

e) Deixar constancia expresa do financiamento da Xunta de Galicia, tanto na sinalética da propia obra como na publicidade e informacións que se deriven das

mesmas, en todas as intervencións que se inclúen no Plan de Infraestruturas Universitarias.

f) Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

2. A Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Universidades, deberá:

a) Aportar a achega económica estipulada no presente convenio.

b) Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria para a súa execución.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto as universidades non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA. Xustificación e pagamento da subvención

De acordo co estipulado no artigo 63. Dous. 3 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, e logo da autorización polo Consello da Xunta, o importe total da subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estipulada neste convenio será aboada ás universidades asinantes, como pagamento anticipado, con carácter previo á realización e xustificación das actividades financiadas.

Estes pagamentos están exentos da constitución de garantía por parte das universidades de acordo co artigo 65.4 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e o artigo 53 da *Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para ano 2023*.

As universidades deberán realizar as oportunas actuacións subvencionables no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 30 de decembro de 2024.

En todo caso, de conformidade co establecido no artigo 45.5 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, deberá permitirse a verificación do cumprimento das estipulacións contidas no presente convenio dentro do exercicio orzamentario correspondente por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Cada universidade deberá presentar ata esa data límite, a seguinte documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>):

-Certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

-Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá detallar as actuacións descritas neste convenio, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamentos dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. Coa memoria achegarase copia cotexada da xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas...) e, no seu caso, dos pagamentos, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos do pagamentos realizados.

-Declaración de cada unha das universidades, do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei.

-Xustificación, a través de declaración de cada unha das universidades, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 11 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

OITAVA. Responsabilidade

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá exixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

NOVENA. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Unha persoa representante da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Tres persoas da Secretaría Xeral de Universidades, das que unha actuará como presidente/a.
- Unha persoa en representación de cada unha das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.

Esta comisión terá, entre outras, as seguintes funcións:

- adoptar decisións relativas ao desenvolvemento do presente convenio
- resolver as dúbidas que podan xurdir sobre a interpretación deste documento
- valorar o axeitado ritmo de execución das actuacións previstas segundo as previsións que figuran no anexo deste convenio.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, e na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

DÉCIMA. Modificación e causas de resolución

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia*, corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

Non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime

xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia*).

Non obstante, as universidades deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar deste extremo á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade e rexistro de convenios

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da *Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia* para o ano 2006, as universidades consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento, polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Sen prexuízo do anterior, as partes comprométense á resolución amigable das discrepancias que puideran xurdir respecto da interpretación, modificación, resolución e cumprimento do presente convenio, que serán resoltas pola comisión de seguimento.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e
Universidades

Julio Ernesto Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

ACTUACIÓNS PREVISTAS POLA UDC 1. EDIFICIO CITIC 2 (CAMPUS CORUÑA-CIDADE DAS TIC)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
licenza	500.000,00
proxecto execución	434.000,00
dirección de obra, seguridade e saúde	60.000,00
desenvolvemento da obra	1.240.000,00
TOTAL	2.234.000,00

2. AMPLIACIÓN DO CITIC (CAMPUS CORUÑA- CIDADE DAS TIC)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
ampliación do CITIC	600.000,00
TOTAL	600.000,00

3. CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE-CI3 (CAMPUS FERROL)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
licenza	1.100.000,00
TOTAL	1.100.000,00

FINANCIAMENTO CON CARGO AO CONVENIO

Total previsto UDC	3.934.000,00
Previsión convenio	3.934.000,00
<i>Achega Xunta de Galicia (60%)</i>	<i>2.810.000,00</i>
<i>Cofinanciamento UDC (40%)</i>	<i>1.124.000,00</i>

ACTUACIÓNS PREVISTAS POLA USC
1. CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE CIENCIAS DA
SAÚDE (CAMPUS SANTIAGO-CIDADE DA SAÚDE)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamentos</i>
orçamento base	2.740.704,11
proxecto execución	161.541,42
dirección de obra	89.932,89
dirección execución	34.546,69
coordinación de seguridade e saúde	16.121,79
TOTAL	3.042.846,90

2.REFORMA DA FACULDADE DE MEDICINA E
ODONTOLOXÍA (CAMPUS SANTIAGO-CIDADE DA
SAÚDE)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamentos</i>
actuacións de reforma interior	1.677.983,75
redacción proxecto básico e de execución	2.272.759,00
TOTAL	3.950.742,75

3. REFORMA INTEGRAL DA FACULDADE DE QUÍMICA
(CAMPUS SANTIAGO)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamentos</i>
obra	3.527.565,30
dirección facultativa	161.541,42
coordinación de seguridade e saúde	17.047,50
TOTAL	3.706.154,22

4. REORGANIZACIÓN, REFORMA E AMPLIACIÓN DO
COMPLEXO DOCENTE (CAMPUS LUGO)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamentos</i>
proxecto e dirección	226.693,76
TOTAL	226.693,76

FINANCIAMENTO CON CARGO AO CONVENIO

Total previsto USC	10.926.437,63
Previsión convenio	5.719.000,00
<i>Achega Xunta de Galicia (60%)</i>	<i>4.085.000,00</i>
<i>Cofinanciamento USC (40%)</i>	<i>1.634.000,00</i>

ACTUACIÓNS PREVISTAS POLA UVIGO
1. REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SIEMENS NA
ETEA (CAMPUS VIGO)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
licitación e licenza	123.711,00
TOTAL	123.711,00

2. ESTUDO DE NECESIDADES (CAMPUS
PONTEVEDRA)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
estudo de necesidades	40.000,00
TOTAL	40.000,00

3. CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO AEROESPACIAL
(CAMPUS OURENSE)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
proxecto de execución	290.400,00
licitación e licenza	220.432,00
execución de obras	4.288.626,00
TOTAL	4.799.458,00

FINANCIAMENTO CON CARGO AO CONVENIO

Total previsto UVIGO	4.963.169,00
Previsión convenio	4.347.000,00
<i>Achega Xunta de Galicia</i> <i>(60%)</i>	3.105.000,00
<i>Cofinanciamento UVIGO</i> <i>(40%)</i>	1.242.000,00